



ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO AS MARIÑAS

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do Consorcio As Mariñas

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do Consorcio As Mariñas

O Pleno do Consorcio de As Mariñas, en sesión celebrada o día 12 de novembro de 2012, adoptou acordo de aprobación provisional de modificación da “Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos”.

De conformidade co disposto no artigo 17 e concordantes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e no 49 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de réxime local, o expediente estivo exposto ó público na sede do Consorcio As Mariñas por un prazo de trinta días a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, tempo no que os interesados puideron examinalo e presenta-las reclamacións que estimasen oportunas. Finalizado o devandito prazo sen que se presentaran reclamacións, elévase a definitiva a aprobación de modificación de “Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos”. O texto íntegro da citada modificación é o que segue:

a) Modificar o epígrafe 15 do artigo 4 referente ás tarifas referente a Hospitais, Clínicas, Xeriátricos Residencias, engadíndolle Centros de Día e Consultas e fraccionando os metros do seguinte xeito:

15. Hospitais, Clínicas, Xeriátricos Residencias, Centros de Día e Consultas	
	TARIFA
15.1. Ata 30 m ²	148.75 €
15.2. De 31 m ² a 100 m ²	231.42

Dita modificación non supón incremento dos importes a cobrar pola taxa, senón que se recolle para unha mellor xustiza tributaria.

b) Modificar o artigo 2.3, quedando do seguinte xeito:

2.3. Así mesmo considerárase realizado o feito impositivo naquelas vivendas que estean en condicións de habitabilidade, que dispoñan ou non de auga potable ou outros subministros, con independencia de que estean ou non habitadas e nos establecementos onde se exercen actividades económicas, susceptibles de seren obxecto de gravame polo IAE ou outros tributos, ou existindo aparencia exterior de realización dunha actividade económica.

c) Modificar o artigo 4º apartado primeiro, no relativo as tarifas, incrementando os importes existentes no 2,4%, cantidade resultante de aplicar o IPC do ano 2011.

Artigo 4.º .-Tarifas.	
4.1. Tarifas	
1. Vivendas	
	TARIFA
1.1. Recollida	125,84 €
2. Cafeterías	
	TARIFA
2.1. Ata 75 m ²	262,44 €
2.2. De 76 m ² a 150 m ²	308,08 €
2.3. Máis de 150 m ²	410,76 €
3. Bares, tabernas, mesóns e análogos	
	TARIFA
3.1. Ata 75 m ²	184,36 €
3.2. De 76 m ² a 150 m ²	213,32 €

3.3. Máis de 150 m ²	302,80 €
4. Restaurantes	
	TARIFA
4.1. Ata 150 m ²	513,48 €
4.2. De 151 m ² a 300 m ²	770,20 €
4.3. De 301 m ² a 500 m ²	924,20 €
4.4. Máis de 500 m ²	1.283,64 €
4.5. Por cada colector do lixo	741,68 €
5. Supermercados e asimilados	
	TARIFA
5.1. Ata 150 m ²	355,44 €
5.2. De 151 m ² a 300 m ²	770,16 €
5.3. De 301 m ² a 500 m ²	1.421,84 €
5.4. Máis de 500 m ²	1.777,28 €
5.5. Por cada colector do lixo	741,68 €
6. Tendas, ultramarinos, comercio en xeral, e outros servizos non expresamente tarifados	
	TARIFA
6.1. Ata 75 m ²	201,92 €
6.2. De 76 m ² a 150 m ²	252,32 €
6.3. De 151 m ² a 300 m ²	302,76 €
6.4. Máis de 300 m ²	403,72 €
6.5. Por cada colector do lixo	741,68 €
7. Whisquerías e clubs	
	TARIFA
	1.348,04 €
8. Discotecas, pubs, salóns de baile, cines e similares	
	TARIFA
8.1. Ata 100 m ²	521,32 €
8.2. De 101 m ² a 300 m ²	568,72 €
8.3. Máis de 300 m ²	663,52 €
9.1. Hoteles, hostais e moteis (por habitación)	
	TARIFA
	20,28 €
9.2. Casas de hospedaxe e establecementos análogos (por habitación)	
	TARIFA
	14,48 €
10. Despachos profesionais, Entidades financeiras e Entidades aseguradoras	
	TARIFA
10.1. Ata 30 m ²	156,40 €
10.2. De 31 m ² a 100 m ²	243,32 €
10.3. De 101 m ² a 200 m ²	278,08 €
10.4. De 201 m ² a 300 m ²	337,96 €
10.5. Mais de 300 m ²	539,00 €
11. Farmacias, parafarmacias e similares	
	TARIFA
	304,08 €
12. Almacéns	
	TARIFA
12.1. Ata 200 m ²	308,96 €
12.2. De 201 m ² a 400 m ²	347,56 €
12.3. De 401 m ² a 1000 m ²	415,16 €
12.4. De 1001 m ² a 5000 m ²	936,48 €
12.5. Máis de 5000 m ²	1.255,00 €
12.6. Por cada colector do lixo	674,00 €
13. Industrias, fábricas, talleres	
	TARIFA
13.1. Ata 200 m ²	386,16 €
13.2. De 201 m ² a 400 m ²	434,48 €
13.3. De 401 m ² a 1000 m ²	521,32 €
13.4. De 1001 a 5000 m ²	936,48 €
13.5. Máis de 5000 m ²	1.544,72 €
13.6. Por cada colector do lixo	674,00 €
14. Vendedores ambulantes e quioscos na vía pública	

	TARIFA
	TARIFA ÚNICA
	125,84 €
15. Hospitais, Clínicas, Xeriátricos Residencias, Centros de Día e Consultas	
	TARIFA
15.1. Ata 30 m ²	148,75 €
15.2. De 31 m ² a 100 m ²	231,42 €
15.3. De 101 m ² a 200 m ²	469,20 €
15.4. Máis de 200 m ² e ata 15 camas	642,52 €
15.5. Máis de 200 m ² e máis de 16 camas	642,52 € + 15,84 € cama
16. Centros de ensino	
	TARIFA
16.1. Ata 100 m ² (Academias)	159,28 €
16.2. De 101 m ² a 300 m ²	477,80 €
16.3. De 301 m ² a 1000 m ²	597,16 €
16.4. Máis de 1000 m ²	1.194,36 €
17. Outros non clasificados	
	TARIFA
17.1. Gasolineiras	770,20 €
17.2. Tanatorios	711,00 €
17.3. Matadoiros:	- €
17.3.1. Ata 300 m ²	434,48 €
17.3.2. Máis de 300 m ²	651,72 €
17.4. Campamentos (por parcela)	17,36 €
17.4.1. Se ademais ten hotel (por habitación)	20,28 €
17.4.2. Se ademais ten restaurante ata 150 m ²	513,48 €
17.4.3. Se ademais ten restaurante de 151 m ² a 300 m ²	770,20 €
17.4.4. Se ademais ten restaurante de 301 m ² a 500 m ²	924,20 €
17.4.5. Se ademais ten restaurante de máis de 500 m ²	1.283,64 €
17.4.6. Se ademais ten restaurante por cada colector de lixo	741,68 €
17.5. Aparcadoiros e garaxes de uso público	434,48 €
17.6. Outros non clasificados	125,84 €
17.7. Portos, aeroportos	1.684,96 €
17.8. Servizos de xardíns. Podas	198,96 €
18. Clubs deportivos e sociais.	
	TARIFA
18.1. Ata 500 m ²	134,80 €
18.2. De 501 m ² a 1000 m ²	674,00 €
18.3. Máis de 1001 m ²	1.684,96 €
19. Mercados municipais	
	TARIFA
19.1. Ata 75 m ²	201,92 €
19.2. De 76 m ² a 150 m ²	252,32 €
19.3. De 151 m ² a 300 m ²	302,76 €
19.4. Máis de 300 m ²	403,72 €
19.5. Por cada colector do lixo	741,68 €

d) Modificar o apartado 4.2.3, quedando redactado do seguinte xeito:

4.2.3.. No caso de realización de dous ou máis feitos impositivos nun mesmo local, entenderase que é obxecto de tributación aquel ao que corresponda a tarifa de maior contía e polos metros totais do local, agás nos epígrafes 9.1, hoteis, hostais e moteis e 9.2, Casas de hospedaxe e establecementos análogos, nos que serán obxecto de tributación tódolos feitos impositivos que se desenvolvan no mesmo local.

e) Modificar a disposición final referente a data de comezo de aplicación.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Bergondo, decembro de 2012.

O Presidente do Consorcio, José Antonio Santiso Miramontes